

cional que se manifeste con posterioridade á primeira comunicación, en particular, a modificación, suspensión ou levantamento das medidas adoptadas no seu momento e as razóns que levasen a iso ou o achado de novos lotes.

2. Así mesmo, as autoridades competentes poderán tamén comunicar os datos de que dispoñan sobre a existencia dun risco, explicando, de ser o caso, os motivos polos que non adoptaron ningunha medida.

#### Artigo 6. *Comunicación ás autoridades competentes e á Unión Europea.*

1. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, a través da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, tras recibir as informacións que se citan no artigo 3.2 e no artigo 5, transmitiraas inmediatamente ao resto de autoridades competentes e no caso de que tiver ou puiden ter un risco grave, directo ou indirecto, para a saúde humana, á Axencia Española de Seguranza Alimentaria e Nutrición.

Se o risco tiver implicacións para a saúde humana, a sanidade animal ou o ambiente, ou puiden resultar de interese o seu coñecemento no ámbito da Comunidade Europea, transmitiraas á Comisión Europea a través da Rede de alerta para os alimentos e pensos (RASFF), de conformidade co disposto no artigo 50 do Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguranza Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguranza alimentaria.

2. Así mesmo, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, a través da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, dará traslado ás autoridades competentes das comunicacións procedentes da Comisión Europea a través da RASFF, velando pola súa integridade.

3. As autoridades competentes comunicarán inmediatamente á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, para o seu traslado á Comisión Europea, se o produto foi comercializado no seu territorio, as medidas que, de ser o caso, adoptasen ou prevexan adoptar e toda información complementaria que obtivesen ao respecto.

#### Artigo 7. *Plan de emerxencia para a alimentación animal.*

1. A Comisión Nacional de Coordinación en Materia de Alimentación Animal prevista no artigo 9 do Real decreto 1144/2006, do 6 de outubro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de hixiene dos pensos, elaborará un plan de emerxencia para a alimentación animal e nel describiranse as medidas que se deberán aplicar sen demora cando se detecte que un penso entraña riscos directos, ou indirectos, para a saúde humana, a sanidade animal ou o ambiente, así como os circuitos de transmisión da información.

2. Así mesmo, a Comisión Nacional de Coordinación en Materia de Alimentación Animal revisará o plan referido no punto anterior, á vista das necesidades formuladas, en particular, en función da evolución das estruturas implicadas nos controis e da experiencia adquirida.

3. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño comunicará á Comisión Europea, a través da canle correspondente, o Plan de emerxencia para a alimentación animal.

#### Artigo 8. *Coordinación.*

1. O responsable da coordinación da Rede de alerta para os pensos é o Ministerio de Medio Ambiente, e

Medio Rural e Mariño, a través da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros.

2. O director xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros será o punto de contacto da RASFF en España para os pensos.

3. Cada autoridade competente comunicará á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros o punto de contacto único do sistema de alerta para os pensos, que designe para tal efecto, así como os mecanismos que estableza para garantir a súa dispoñibilidade permanente.

4. Na aplicación informática denominada «Sistema informático de rexistro de establecementos na alimentación animal» (SILUM) residirán as actuacións e demais datos que deban compartir os membros que compoñen a Rede de alerta para os pensos.

#### Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.ª da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

#### Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de setembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍATERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

## XEFATURA DO ESTADO

**15278** *REAL DECRETO LEI 4/2008, do 19 de setembro, sobre aboamento acumulado e de forma anticipada da prestación contributiva por desemprego a traballadores estranxeiros non comunitarios que retornen voluntariamente aos seus países de orixe. («BOE» 228, do 20-9-2008.)*

A Lei xeral da Seguranza Social prevé a posibilidade de que se aboe, de forma anticipada e acumulada, o importe da prestación por desemprego de nivel contributivo a que teña dereito o traballador e que estea pendente de percibir, sempre que así o estableza un programa de fomento do emprego; neste sentido, regulamentariamente previuse a dita posibilidade de aboamento da prestación por desemprego cando o traballador desempregado se pretende constituír como traballador autónomo ou nos casos en que se vaia incorporar, de forma estable, como socio traballador ou de traballo en cooperativas ou en sociedades laborais.

As previsións normativas, aínda que permiten o aboamento da prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento anticipado e acumulado cando a actividade profesional que vaia levar a cabo o traballador desempregado se realice en territorio español, non permiten un tratamento similar cando as expectativas de reinserción laboral ou profesional do traballador desempregado se prevén no país de orixe.

Este real decreto lei permitirá contar cun instrumento normativo que regule o aboamento da prestación por desemprego, de forma acumulada e anticipada, cando o

traballador estranxeiro que se encontre desempleado no noso país decida retornar voluntariamente ao seu país de orixe. Trátase dunha norma que amplía o ámbito de dereitos e de oportunidades para estes traballadores.

O ámbito subxectivo de aplicación das previsións legais concrétese nos traballadores estranxeiros non comunitarios, que sexan nacionais de países con que España teña suscrito un convenio bilateral en materia de seguranza social, de modo que queden asegurados os dereitos sociais dos traballadores, ao posibilitar o cómputo das cotizacións realizadas en España, xunto coas que se realicen con posterioridade en cada país, o cal supón unha garantía para as súas futuras pensións.

Malia esta regra xeral, prevese a posibilidade de estender o beneficio sinalado a traballadores estranxeiros, nacionais doutros países, sempre que se considere que estes contan con mecanismos de protección social que garantan unha cobertura adecuada ou en atención a outras circunstancias específicas que poidan concorrer nos países de orixe ou nos solicitantes.

Esta liña de actuación encádrase nun marco máis amplo orientado a ordenar o fenómeno migratorio e os fluxos migratorios. Co aboamento desta modalidade de prestación favorecerase a reinserción laboral e profesional nos seus países de orixe, fortalecerase o desenvolvemento destes países co retorno de traballadores cunha cualificación e experiencia laboral enriquecida e formativa e permitirá reforzar a relación do noso país cos países de orixe.

A medida parece, ademais, máis oportuna na actual conxuntura económica de restrición de emprego, para ofrecer aos traballadores estranxeiros oportunidades e recursos para a súa inserción laboral e profesional nos seus países de orixe.

A aplicación dunha medida como a indicada require que se faga con carácter inmediato, tanto pola conxuntura en que se vai aplicar como pola finalidade que persegue de dar resposta inmediata ás necesidades das persoas a que vai dirixida. En efecto, a demora na súa aplicación ocasionaría que as expectativas de inserción laboral ou profesional nos países de orixe e o acollemento ás medidas de retorno voluntario non poderían ser efectivas en moitos casos. Isto ocorrería se o acollemento ás medidas de retorno voluntario non puidese ter efecto ao non poder percibir o traballador de forma acumulada e anticipada a prestación por desemprego como consecuencia da maior tardanza na aprobación das disposicións que regulen esa forma de cobramento da mencionada prestación. Parece lóxico evitar o atraso dunha medida que amplía dereitos e beneficios aos traballadores inmigrantes.

Todas estas razóns avalan a necesidade de que a iniciativa se poña en marcha sen demora, acudindo –ao concorreren as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade exixibles– ás previsións contidas no artigo 86 da Constitución para o ditado dun real decreto lei.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de setembro de 2008,

#### DISPÓÑO:

Artigo único. *Establecemento dunha modalidade de pagamento anticipado e acumulado da prestación por desemprego, en favor de traballadores estranxeiros non comunitarios que retornen voluntariamente aos seus países de orixe.*

Un.–Coa finalidade de facilitar o retorno voluntario ao seu país de orixe aos traballadores estranxeiros desempregados, o Servizo Público de Emprego Estatal podera-

lles aboar a aqueles, anticipadamente e de forma acumulada, en dúas veces, o importe da prestación contributiva por desemprego a que tiveren dereito.

Dous.–Serán beneficiarios da modalidade de pagamento sinalada no número anterior, nos termos e condicións previstos neste real decreto lei, así como nos que se poidan establecer nas súas disposicións de desenvolvemento, os traballadores desempregados que se encontran legalmente en España e sexan nacionais de países que, en cada momento, teñan suscrito con España un convenio bilateral en materia de seguranza social.

Non obstante, o ministro de Traballo e Inmigración poderá estender a modalidade de aboamento da prestación por desemprego sinalada aos traballadores estranxeiros nacionais de países con que España non teña suscrito convenio bilateral en materia de seguranza social, sempre que se considere que os ditos países contan con mecanismos de protección social que garantan a dispensa dunha cobertura adecuada ou en atención a outras circunstancias específicas que poidan concorrer nos países de orixe ou nos solicitantes.

Tres.–Quedan excluídos da aplicación deste real decreto lei os traballadores nacionais de países que formen parte da Unión Europea ou do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e de Suíza.

Catro.–Para poder ser beneficiario do aboamento da prestación por desemprego, na modalidade sinalada no número un, o traballador estranxeiro deberase comprometer a retornar ao seu país de orixe, no prazo de trinta días naturais, e non retornar a España no prazo de tres anos.

Cinco.–O aboamento anticipado e acumulado do importe da prestación contributiva por desemprego será equivalente á contía que corresponda aos traballadores, en función do número de días de prestación reconecidos na data de nacemento do dereito ou que lles reste por percibir ata o seu esgotamento, desde a data de reinicio da prestación ou desde a data de solicitude desta modalidade de aboamento.

Seis.–O aboamento anticipado e acumulado da prestación contributiva por desemprego non comportará ningunha cotización á Seguranza Social, polo que da súa contía non se realizará dedución pola achega do traballador en concepto de cotización.

Disposición adicional única. *Outras axudas para facilitar o retorno voluntario.*

Como complemento ao aboamento anticipado e acumulado da prestación contributiva por desemprego, o Goberno, dentro dos créditos dispoñibles, poderá establecer axudas directas que faciliten o traslado voluntario dos traballadores estranxeiros non comunitarios aos seus países de orixe, así como accións preparatorias do retorno, en materia de información, orientación e formación para o emprendemento dunha actividade económica.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do título competencial previsto no artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguranza Social.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Facúltase o Goberno para ditar as disposicións xerais necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de setembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

## MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN

**15464** *REAL DECRETO 1509/2008, do 12 de setembro, polo que se regula o Rexistro de universidades, centros e títulos. («BOE» 232, do 25-9-2008.)*

A disposición adicional vixésima da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na súa redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, establece que no Ministerio de Educación e Ciencia existirá o Rexistro de universidades, centros e títulos (RUCT), cuxo réxime, organización e funcionamento será regulado polo Goberno. A citada disposición adicional establece tamén que o dito rexistro terá carácter público e que nel se inscribirán, ademais das universidades e centros, os títulos oficiais con validez en todo o territorio nacional. Así mesmo, poderán inscribirse, para os efectos informativos, outros títulos que expidan as universidades.

Posteriormente, o Real decreto 432/2008, do 12 de abril, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais, atribúe ao Ministerio de Ciencia e Innovación a proposta e execución da política do Goberno en materia de universidades, polo que a anterior referencia ao Ministerio de Educación e Ciencia se debe entender agora feita ao Ministerio de Ciencia e Innovación, no que deberá residir o mencionado rexistro.

Así, o RUCT, que terá carácter público e de rexistro administrativo, concíbese como un instrumento que recollerá a información actualizada relativa ao sistema universitario español, para o cal se inscribirán nel os datos relevantes relativos a universidades, centros e títulos.

A nova concepción no deseño dos títulos universitarios que se recolle no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, baséase nun proceso de verificación do plan de estudos que culmina coa inscrición no RUCT do título oficial, como requisito necesario para a determinación do seu carácter oficial. Deste modo, a inscrición no RUCT dos títulos oficiais terá carácter constitutivo. Esta inscrición terá como efecto a consideración inicial de título acreditado. Ademais, todos os procesos relativos á renovación da acreditación dos títulos, así como á modificación e extinción dos plans de estudos conducentes a títulos oficiais deberán ser anotados no RUCT.

O acceso aos ditos datos por parte dos interesados realizarase a través dos oportunos soportes informáticos na forma que estableza o Ministerio de Ciencia e Innovación, que, en todo caso, se articularán sobre as bases da accesibilidade, o tratamento técnico dos datos e a actualización permanente do seu contido. Ademais terase en conta, para tales efectos, a normativa vixente sobre acceso á información por parte das persoas con discapacidade.

Sobre este real decreto emitiron informe o Consello de Universidades e a Conferencia Xeral de Política Universitaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Ciencia e Innovación, coa aprobación da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de setembro de 2008,

DISPONGO:

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais referentes ao Rexistro de universidades, centros e títulos

Artigo 1. *Rexistro de universidades, centros e títulos.*

1. No Ministerio de Ciencia e Innovación constitúese o Rexistro de universidades, centros e títulos (RUCT), que terá carácter público e de rexistro administrativo, para todos os efectos previstos na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na súa disposición adicional vixésima, en redacción introducida pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, de modificación da Lei orgánica de universidades.

2. Inscibiranse no RUCT as universidades e os centros universitarios. Así mesmo, deberanse inscribir os títulos universitarios de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional, establecidos de acordo co previsto no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais. Tamén se poderán inscribir, por pedimento da universidade expedidora, outros títulos de carácter non oficial, para efectos informativos.

3. No RUCT incluírase a información actualizada relativa ao sistema universitario español, para o cal se inscribirán nel os datos relevantes relativos a universidades, centros e títulos.

4. O RUCT está constituído polo conxunto das inscricións dos elementos referidos neste artigo e polas demais dilixencias que deban practicarse, de conformidade co previsto no real decreto anteriormente citado.

Artigo 2. *Estrutura do RUCT.*

1. O RUCT estará constituído por tres seccións:

- a) Universidades.
- b) Centros.
- c) Títulos.

2. Dentro da sección de títulos existirán, pola súa vez, cinco subseccións:

- a) Títulos correspondentes a ensinanzas de grao.
- b) Títulos correspondentes a ensinanzas oficiais de máster.
- c) Títulos correspondentes a ensinanzas de doutoramento.
- d) Títulos declarados equivalentes aos correspondentes ás anteriores subseccións a) e b).
- e) Títulos correspondentes a ensinanzas non oficiais.

3. O RUCT seguirá o sistema de asentos rexistrais, correspondendo a cada inscrición un asento no que constarán os datos previstos neste real decreto para cada universidade, centro e título.

Artigo 3. *Efectos da inscrición no RUCT.*

1. A inscrición no RUCT terá efectos informativos respecto da situación xurídica das universidades e centros, así como dos títulos.